

Tradicións ► PREPARADOS PARA OS TEMPORAIS



À esquerda, tellas na ermida da Lanzada (arriba) e a cruz de Caravaca. Á dereita, seixos cumiais contra as tormentas.

REMEDIOS CONTRA A CICLOXÉNESE

DESDE ACENDER UNHA VELA DA CANDELORIA ATA POÑER UNHA PEDRA DO RAIO NA FIESTRA. GALICIA CONTA CUNHA RICA CULTURA INMATERIAL PARA CAPEAR OS TEMPORAIS

► TEXTO: RAFAEL QUINTÁ
FOTOS: R. Q.

Calquera sociedade agrogandeira e mariñeira, como era a galega ata hai unhas décadas, depende do tempo meteorolóxico para a súa supervivencia. Esta dependencia do tempo climático e a inseguridade que sempre produce levounos a desenvolver toda unha serie de mecanismos simbólicos e rituais para intentar influír e alterar a súa marcha natural no noso beneficio. Xorden así determinadas personaxes que se institúen en supostos xestores ou intermediarios entre o home e as forzas naturais, xente á que se lle atribúe a capacidade de alterar ou modificar o clima.

Co cristianismo estas virtudes pasaron aos santos, e aparecen, deste xeito, santos especializados na xestión do tempo aos que se lles pedía a súa divina intermediación e ofrecíanse en troques rezos e

ofrendas. Son dabondo coñecidos os ritos nos que un determinado santo é mollado para propiciar a chegada das choivas. Sen ir máis lonxe iso acontecía hai unhas décadas con San Roque, na parroquia de Salcedo.

Pero os santos e as virxes non só son invocados para propiciar o permuto do tempo senón tamén para protexernos contra os danos que este poida producir. A Beizón de San Francisco, por exemplo, preserva, entre outros males, dos raios, trebóns, lumes, pestes, e perigos do mar.

Non esquezamos tampouco os rezos a Santo Antonio ou a Santa Bárbara, protectora contra raios e tormentas pois, como di o dito, só nos acordamos de Santa Bárbara cando trona. Estampas coa súa efixie ou oracións como a que segue son armas protectoras contra o trebón: "Santa Bárbara bendita, que en el Cielo estás escrita, en

papel y agua bendita, guarda el pan y guarda el vino y a la gente de camino".

CAMBIAR A TELLA. Para facer mudar os ventos e a tempestade era un costume estendido en moitos santuarios costeiros de Galicia o rito de cambiar a tella. Na capela dos Praceres de Pontevedra, na da Nosa Señora da Lanzada ou na ermida da Nosa Señora da Renda, en Poio, cando o vento non era favorable para a navegación e existía perigo de naufraxio, acudíase a estas ermidas a cambiar a tella, é dicir, a darlle a volta a unha tella do templo e orientala no sentido contrario ao vento dominante, intentando con este xesto simbólico favorecer que os mariñeiros chegasen a salvo a terra. Algo similar acontecía con determinadas pedrafitas e moreóns de pedras —os Santiños— que se erguían ou deitaban segundo o clima que

se procurase.

Se intentar cambiar o tempo era algo de suma importancia non o era menos o protexerse da acción maligna das forzas da natureza cando estas se desatan sen control. O perigo destrutivo do pedrazo, e sobre todo o medo á tormenta e a acción do raio deu orixe a toda unha panoplia de amuletos, ritos e oracións para intentar protexerse da destrución que nos campos e nos bens podían causar estas cicloxéneses do noso tempo. As pedras do raio é posiblemente o amuleto máis popular e antigo relacionado coa protección do poder do raio: segundo a crenza popular, son as puntas dos raios que caen á terra e que, pola súa orixe celeste, pasan a ser importantes obxectos valedores aos que se lles outorgan propiedades portentosas de protección, non só contra os trebóns e o raio senón tamén contra calquera mal súbito. Prismas de seixo cristalizado, determinados fósiles, machadiños e puntas de frecha neolíticas eran confundidas coas puntas do raio. Este tipo de amuletos xa se coñecían en tempo dos romanos co nome de fulgurita, e os auto-

res clásicos como Plinio refírense a ela a miúdo co nome de ceramnia. Ademais de na terra, tamén se dicía que se podían atopar no interior dos carballos. Así se cando o carballo de Santa Margarida do que as crónicas contan que era xeneroso neste tipo de pedras protectoras. En Galicia era habitual colocar estas pedras entre a cachotería das cortes e casas coa intención de protexer a vivenda, os seus habitantes e os animais. Outro xeito de usalas para protexerse do raio era colocalas na ventá cando viña a tormenta.

O Ramo do Domingo de Ramos era outro deses amuletos protectores contra o trebón. Composto por loureiro, oliveira, mirra, romo, malvarrosa e acivro, este ramo bendícase na misa parroquial do Domingo de Ramos e gárdase para queimar nos días de tormenta. No Xoves Santo séguese levando velas á igrexa para bendicilas, despois gárdanse como poderosos amuletos para acendelas os días de tormenta. O mesmo ocorre coas velas da Candeloria.

A famosa cruz de Caravaca é outro potente amuleto polivalente que protexe contra as tormentas, hai incluso quen di que pode predicilas. En moitos lugares ponse na pa do forno fóra da casa, estratexicamente colocada diante da porta da ventá ou apoiada na parede da casa para protexerse da tormenta.

Noutros lugares o que se colocaba era un vasoira detrás da porta ou a pa do vasoira facendo unha cruz. Seixos apotropaicos son colocados protexendo ventás, portas e muros incrustados entre a cachotería das casas tradicionais galegas, só en todo nas do interior do país. Os seixos cumiais, pedras máis pequenas e menos talladas que se poñían nos cumios dos tellados, tiñan a función de atraer a fartura e bonanza de salvagardar a saúde dos que ven na casa e do gando e tamén protexer contra a acción maligna do raio e da tormenta.

Noutros sitios era costume levar unha botella de auga bendita e un pincho do tellado para manter a casa a salvo do raio: así facían en Estribela. A Auga do Sábado Santo emprégase para bendicir a casa e os campos, os froitos e os animais domésticos co obxecto de manter os libres de todo mal, como a acción perniciososa das forzas da natureza. Non só había que manter a casa e as xentes a salvo, tamén era necesario protexer os animais. Salcedo, por exemplo, para protexer as galiñas púñase unha vela baixo as pallas do niño cando había tormenta. O poderoso da campá tamén pode afastar e desfacer as tormentas; de factas moitas campás levan a inscrición en latín "Tespestatem fugo".